




UNHA CULTURA, CATRO CONTINENTES

Ata finais do século XIV, as xentes dunha e doutra beira do río Miño compartían a mesma lingua: o galego-portugués. O paso do tempo e acontecementos históricos moi importantes, como a independencia de Portugal, favoreceron que esa lingua orixinal se dividise en dous idiomas distintos, pero esa evolución non impide que o galego e o portugués se consideren linguas irmás. En Galicia, dende o Rexurdimento houbo un desexo de achegar o galego ao portugués. Ricardo Carballo Calero deu un paso máis e chegou a defender que a lingua do país veciño segue a ser unha forma de galego e que a nosa lingua debe escribirse ao xeito portugués. Por iso nos últimos anos da súa vida mudou a forma de escribir o seu propio nome e pasou a asinar como Carvalho Calero.




O galego serve para comunicarse cos millóns de persoas que falan portugués en distintas partes do planeta, tal como defendeu con paixón o noso autor. A Lei Paz Andrade, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia en 2014, facilita que haxa centros educativos que oferten a materia de lingua portuguesa no ensino secundario.

Valentín Paz Andrade (1898-1987) foi un destacado intelectual galego ao que en 2012 se lle dedicou o Día das Letras Galegas. Home polifacético, foi xornalista, avogado, escritor, economista, político e empresario.



O portugués é lingua oficial en oito estados e esténdese por catro dos cinco continentes: Europa, África, América e Asia. A expansión deste idioma é o resultado do chamado Imperio Portugués, que dende o século XV e ata o ano 1975 mantivo colonias por todo o mundo. Na actualidade estímase que máis de 240 millóns de persoas conforman a lusofonía, que é como se lle chama á comunidade de persoas que comparte a lingua portuguesa. O galego é unha valiosa ferramenta para comunicármonos con todas elas.



ACTIVIDADE Busca material que che axude a completar os datos que faltan.



• ANGOLA. CAPITAL: _____. CONTINENTE: ÁFRICA



• _____. CAPITAL: BRASILIA. CONTINENTE: AMÉRICA



• _____. CAPITAL: PRAIA. CONTINENTE: ÁFRICA



• GUINEA-BISSAU. CAPITAL: BISSAU. CONTINENTE: _____



• _____. CAPITAL: _____. CONTINENTE: EUROPA



• SAN TOMÉ E PRÍNCIPE. CAPITAL: SAN TOMÉ. CONTINENTE: _____




• _____. CAPITAL DÍLI. CONTINENTE: ASIA

ACTIVIDADE

A ver que tal entendes o portugués. Cales destas afirmacións cres que son verdadeiras?

- Nélida Piñon é uma conhecida escritora brasileira que tem uma origen galega (Concelho de Cerdedo-Cotobade). É membro de honra da Real Academia Galega.
- A mais antiga manifestação literaria galáico-portuguesa que se pode datar é uma cantiga do Xabarán Club.
- Rio de Janeiro é uma cidade francesa localizada na região da Bretanha. Sua população é de 300.000 habitantes.
- Rachel Queiroz foi a primeira mulher a ingressar na Academia Brasileira de Letras e a primeira mulher galardoada com o Prêmio Camões.
- Artur Carlos Maurício Pestana dos Santos, conhecido pelo pseudónimo de Pepetela, é um dos escritores mais importantes de Angola.
- Alguns poetas que compuseram cantigas de amigo foram Meendinho, Pero Meogo, João Zorro ou João de Cangas.
- Amalia Rodrigues foi uma cantora, actriz e fadista aclamada como "a voz" de Portugal.
- Cristiano Ronaldo é un futbolista portugués que atua como extremo-esquerdo ou ponta de lança. Atualmente joga pela Juventus.



A que foi doado? Tantos anos de historia común fan que compartamos moitas formas lingüísticas. Porén, portugués e galego teñen diferenzas fonéticas, gramaticais e léxicas notables.

ACTIVIDADE

Serías quen de unir as palabras que significan o mesmo?



FRANGO
GREVE
ESPANTOSO
PORTAGEM
PRESUNTO
FÉRIAS
ESQUISITO

PE AXE
XAMÓN
VACACIÓNS
FOLGA
POLO
MARABILLOSO
RARO

Vivimos nun mundo plurilingüe. Calcúlase que no noso planeta existen arredor de 7.000 idiomas, moitos deles en perigo de extinción pola falta de falantes. Cada vez que desaparece un tamén perdemos unha maneira única de interpretar o mundo. A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) decidiu instaurar un día ao ano para recordar a importancia de preservar esta extraordinaria riqueza lingüística: o 21 de febreiro, Día Internacional da Lingua Materna.

Sabías que...

- Só en Brasil existen máis de 150 linguas indíxenas.
- Papúa Nova Guinea é o país do mundo onde se falan máis linguas, na volta de 800.
- O sedang, que se fala en zonas de Vietnam e de Laos, é o idioma do mundo con máis vogais.
- O alfabeto khmer, usado pola lingua camboxana, é o que máis letras ten do mundo: 74.
- Suíza, país pouco máis grande que Galicia, ten catro idiomas oficiais: alemán, francés, italiano e romanche.

